

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede a nomear e facer pública a composición do tribunal que xulgará a proba de acreditación do coñecemento do castelán para persoas que non posúan a nacionalidade española nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia convocados pola Orde do 21 de febreiro de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo) e se fai pública a data, a hora e o lugar no que se realizará a proba de acreditación do coñecemento do castelán nos citados procedementos selectivos.

En cumprimento do sinalado na base oitava da Orde do 21 de febreiro de 2019 (DOG do 8 de marzo), pola que se convocan os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Nomear aos tribunais que deberán xulgar a proba de acreditación do coñecemento do castelán para persoas que non posúan a nacionalidade española nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia que figuran no anexo desta resolución.





Segundo. Indicar a data, hora e lugar no que se realizará a citada proba:

Data: 7 de xuño de 2019

Hora: ás 17:00 horas.

Lugar: IES As Fontiñas, rúa de Estocolmo, 5 Santiago de Compostela (A Coruña)

Terceiro. Todas as persoas aspirantes que deban realizar a proba de acreditación do coñecemento do castelán para persoas que non posúan a nacionalidade española actuarán ante o tribunal número 1.

Cuarto. Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros dos tribunais que necesiten desprazarse para o exercicio de tal función, tendo dereito a percibir as axudas e gastos de viaxe de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (Diario Oficial de Galicia de 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño) e deberá entenderse que queda expresamente autorizado o uso de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez





ANEXO

Proba de acreditación do coñecemento do castelán

TRIBUNAL1

Titulares

POSTO	DNI/NIE	APELIDOS E NOME
Presidente/a Titular	***9710**	Prada Prada, María José
Vogal Titular 1	***0171**	Campos Souto, María Begoña
Vogal Titular 2	***9345**	Pernas Pena, Alberto
Vogal Titular 3	***6588**	De Azevedo Pinto, Margarita
Vogal Titular 4	***3359**	Zea Álvarez, Francisco

Suplentes

POSTO	DNI/NIE	APELIDOS E NOME
Presidente/a Suplente	***4380**	Vergara Perea, Manuel Antonio
Vogal Suplente 1	***1234**	Fernández Mella, Ana María
Vogal Suplente 2	***8906**	Cao Velasco, Iban
Vogal Suplente 3	***7430**	Rodríguez Aldrey, Yolanda
Vogal Suplente 4	***9851**	Álvarez Pérez, José Luis

Segundos suplentes

POSTO	DNI/NIE	APELIDOS E NOME
Presidente/a Segundo Suplente	***3175**	Quiruelas Vela, Emilia
Vogal Segundo Suplente 1	***5536**	García Mouriz, María Belén
Vogal Segundo Suplente 2	***8787**	Bouzas Escudero, Manuel
Vogal Segundo Suplente 3	***4607**	Fraga Vigo, Irene
Vogal Segundo Suplente 4	***1715**	Varela Cabezas, Rodrigo Benito

